


Martín Códax, o humilde xograr que immortalizou as “ondas do mar de Vigo en engaiolantes cantigas de amigo, expresa maxistralmente o esplendor que viviu a nosa terra durante a plenitude medieval. O Reino de Galicia, conectado con Europa a través do Camiño de Santiago, escintila no Fisterra da civilización occidental. Ao tempo, abrolla o idioma galego, florecendo a ambas as beiras do Miño na lírica trobadoresca. Despois vén o opulento outono da Idade Media, o solpor da sociedade cabaleiresca. Vigo e a terra do Fragoso van entrando paseniñamente na historia...

Escena musical: trobador, xograr e xograresa. Miniatura do *Cancioneiro da Ajuda*



O SON DAS ONDAS

O VIGO MEDIEVAL
E A LÍRICA TROBADORESCA



Comisario
Henrique Monteagudo

Coordinación xeral
Xose M. Soutullo

Coordinación técnica
Teresa Rodríguez

Equipo editorial
Xesús Domínguez, Hayat Hussein, Alba Pernas, Alexandre Vázquez Lorenzo

Deseño
Xosé Díaz | Imago Mundi

Audiovisuais
Paco Vila

Música
Por que trobar é cousa en que iaz...
Martín Códax, Grupo de Música Antigua de Compostela
Moiro-me d'amor. Cantigas de desexo e soidade, Paulina Ceremuzynska

Fotografías
Paco Vila, Pío García, Tono Arias, Hércules Edicións, Javier Albertos

Fondos
Editorial Galaxia, Fundación Penzol, Consello da Cultura Galega, Edicións Xerais de Galicia, Universidade Popular de Vigo

Fabricación
C. de C.

Agradecementos
Fundación Penzol, Consello da Cultura Galega, Edicións Xerais de Galicia, Teresa Navarro, Museo de Pontevedra, Arcebispado de Santiago de Compostela, Bispado de Tui, Uxío Noceda

MUSEO DA CIDADE “QUIÑONES DE LEÓN”

Horarios
MUSEO (Exposición permanente)
Martes, xoves e venres
10.00 - 13.30 h / 17.00 - 20.00 h
Mércores
10.00 - 20.00 h
Sábados
17.00 - 20.00 h
Domingos e festivos
10.00 - 13.30 h

SALA DE EXPOSICIÓN TEMPORAIS

Martes a sábados
17.00 - 20.00 h
Domingos e festivos
10.00 - 13.30 h

Gráfica: Imago Mundi | Imprime: Obradoiro Gráfico | Depósito Legal: VG 550-2011



SALA 1

A terra e as xentes

Na Idade Media fórxase Galicia como país cunha cultura de seu expresada en galego. O Reino de Galicia estivo federado con León no século XII e no século XIII incorporouse á coroa de Castela. No marco do Reino de Galicia sitúase a terra de Toroño, fronteiriza con Portugal. Portugal xurdiu como reino independente no século XII, pero compartiu lingua e cultura con Galicia ata a metade do século XIV. O galego-portugués, lingua nacida a ambas as beiras do río Miño, comezou a escribirse a finais do século XII e na segunda metade do século seguinte xeneralizouse o seu emprego.



Afonso IX de Galicia e León. Catedral de Santiago de Compostela

SALA 2

Amar amigo



A lírica trobadoresca galego-portuguesa constitúe a expresión artística máis notable da comunidade lingüística e cultural de Galicia e Portugal na Idade Media. Con raíces na tradición autóctona da vella Gallaecia (que abranguíu o territorio da Galicia actual e de Portugal ata o río Douro), inspirada polo exemplo do trobadorismo occitano, o seu brillo irradiará polos catro cantos da Península, como poñen de manifesto as cortes e as obras poéticas dos reis Afonso X o Sabio e don Denis de Portugal.



Miniatura das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio

SALA 3

Bailando no sagrado: xograres e santuarios

A lírica trobadoresca é un fenómeno literario e musical, por iso as composicións se chaman *cantigas*. As cantigas podían ser amorosas ou satíricas. As amorosas son de dous tipos: de amor, imitación dos modelos occitanos, nas que canta a voz do poeta; ou de amigo, elaboradas a partir dunha tradición popular galega, nas que canta a voz da moza namorada (a amiga). Entre as cantigas de amigo salientan as cantigas de

Escena xograresca no tímpano da igrexa de San Miguel do Monte, Chantada (ca. 1190)



Miniatura das Cantigas de Santa María

santuario, de sabor popularizante, ambientadas arredor dun lugar sagrado como lugar de encontro de mozas e namorados. As cantigas de santuario son un fenómeno tipicamente galego, con especial arraigo na Galicia suroccidental.

SALA 4

Martín Códax: Ondas do mar de Vigo

Entre os compositores de cantigas distínguense dous grupos: os trobadores e os xograres. Os primeiros eran señores que troban por pracer, os segundos plebeos que gañaban a vida como executantes. Os xograres foron especialistas na composición de cantigas de amigo e particularmente de cantigas de santuario. Entre eles, destacan dous nomes, os dous vencellados a Vigo e á súa ría: Martín Códax, cantor das ondas do mar de Vigo, e Meendiño, cantor da ermida de San Simón. Trátase de dous dos artistas de maior talento poético da lírica medieval galego-portuguesa, hispánica e europea.



Cantiga de Meendiño do Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Lisboa)



Pergamiño Vindel. Pierpont Morgan Library (Nova York)

Miniatura das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio



SALA 5

Trobar: letras e son

Elaboración dunha cantiga consistía en escribir a súa letra (o poema) e compor o seu son (a música). As cantigas reuníanse en *cancioneiros*. Da lírica trobadoresca galego-portuguesa chegaronnos case 1.700 cantigas, correspondentes a máis de 150 autores, reunidas en tres cancioneros, coa letra pero sen música. Excepcionalmente, as sete cantigas de Martín Códax chegaronnos nun manuscrito independente, o *Pergamiño Vindel*, acompañadas de música. Temos outros moitos testemuños do cultivo do galego na escrita durante a Idade Media: documentos notariais, crónicas históricas, romances en prosa, vidas de santos e outras obras literarias, como as monumentais *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio.



SALA 6

Cabaleiros e trovadores

A lírica trobadoresca é unha baril manifestación da puxante vitalidade cultural da sociedade galega da Idade Media, especialmente da súa nobreza. As familias nobiliarias de Galicia e o norte de Portugal (como os Traba e os Sousa), estreitamente unidas entre si, constituíron a base fundamental do trobadorismo. Moitos cabaleiros desas familias foron trovadores, e moi-



Sartego de Pedro Froilaz, conde de Traba. Capela Real, catedral de Santiago de Compostela



tos xograres cantaron ao servizo delas. A terra de Toroño xogou un papel importante nos contactos entre as familias galegas e portuguesas, e na implantación e difusión da lírica trobadoresca. Salientaron na metade do século XII Paio Curvo e ao longo do século XIII a liñaxe dos Limia.



Escudo do cabaleiro Diego Esquío (século XV). Igrexa de San Nicolao de Neda

SALA 7

Vivir en Vigo na idade media

O territorio actual do concello de Vigo corresponde coa terra medieval de Frago, situada na terra maior de Toroño. Ao longo dos séculos XII ao XIV foise configurando a rede de parroquias, que practicamente chegou á actualidade. A terra de Frago dependía dunha banda do bispado de Tui (administración eclesiástica) e da outra do arcebispado de Santiago (dominio señorial), pero eran moi importantes as propiedades



e señoríos do mosteiro de Melón e das ordes militares (cabaleiros do Hospital). No século XV, Vigo é recoñecido como vila, e gañan importancia os seus portos, igual que o de Bouzas.



Tímpano de Santa María de Castrelos